

UN SINDICALISMO

útil

VALOREMOS
O NOSO
TRABALLO

2018-2022

Eleccións sindicais 2022

FEDERACIÓN ENSINO DE CCOO DE GALICIA

Compañeira/o docente:



En poucos días estaremos ante un novo período electoral no que se renovarán as delegadas e delegados que representarán o profesorado os próximos catro anos. En cada provincia elixiranse as persoas docentes que nos representarán na Xunta de Persoal. Con esa representación conformarase a composición da Mesa Sectorial, **da que derivan as nosas persoas liberadas para os seguintes catro anos, que visitarán os vosos centros e atenderán as vosas consultas e dúbidas.** É preciso facer balance do traballo desenvolvido por CCOO Ensino, para que o valoredes e decidades se o noso labor e esforzo merecen a vosa confianza. Por iso vos presentamos un resumo da nosa actividade nos últimos catro anos. CCOO conseguiu obxectivos froito da presión-negociación, pois é o sindicato que máis e mellor negocia nas mesas para conseguir resultados palpables con total independencia de calquer organización política ou social.

Acabamos de vivir a peor crise sanitaria provocada pola pandemia da covid-19, que nos levou a un estado de alarma, un confinamento e varias ondas de contaxios e mortes masivas. Sen lugar a dúbidas, non só é unha gran crise sanitaria, senón tamén económica, educativa e social. Esta situación puxo de manifesto as eivas do sistema educativo e tamén a capacidade de resposta dos profesionais do ensino para adaptarse a esta situación e afrontar a situación da mellor maneira posible cos recursos e materiais dos que se dispuña. Foron momentos de medo, incerteza e incluso de desesperación, nos que houbo que conxugar as situacións e realidades persoais de cadaquén coas necesidades do alumnado ao outro lado do teléfono, ordenador... Fíxose todo o posible para salvar a situación do mellor xeito e quedou patente a profesionalidade do persoal docente ao cal felicitamos.

LUZ LÓPEZ

Secretaria xeral da FE
de CCOO de Galicia

RETRIBUCIÓN S



Entre 2010 e 2017 non houbo ningún acordo e acumulamos perdas de poder adquisitivo. Desde CCOO Ensino mobilizámonos para lograr acordos que permitan mellorar as nosas condicións laborais. Se hai acordos, as nosas retribucións medran.

Para CCOO, a mellora dos salarios é unha prioridade esencial e propuxémonos reverter a gran perda de poder adquisitivo acumulado con campañas como “imos recuperar o arrebatado” e “imos recuperalo todo”

Nos últimos 4 anos acadamos **dous acordos** retributivos:


- Acordo trianual do 8 de marzo de 2018
- Acordo galego de homologación retributiva do 18 de xullo de 2018

Grazas a estes acordos, o **noso salario incrementouse** entre un 10,15 % e un 11,88 % segundo corpo e antigüidade. Aplicado o IPC, o poder adquisitivo **creceu entre o 3,05 % e o 4,78 %** (entre **3370 e 4665 euros** anuais).

Sen acordos continuaríamos con perdas de poder adquisitivo.

O incremento do 0,9 % do ano 2021 e do 2 % do ano 2022, **rexeados por CCOO**, volven a poñernos nunha situación de absoluta necesidade de negociación que nos permita:

- A **recuperación da paga extra** igual á mensualidade.
- O **recoñecemento da débeda** contraída dende 2010.



- O **pagamento** do Goberno galego do CE deixado de percibir nas extras entre 2013 e 2016.

Nestes últimos catro anos, conseguimos cuestións fundamentais de recuperación salarial:

- **Gañamos** en sentenza xudicial que, a partir do día 90 en situación de IT, o cobramento de mensualidade **sexa o mesmo que en activo**.
- A Consellería **pasou a pagar o 100 % das retribucións en situación de IT** desde o primeiro día como consecuencia do II Acordo para a mellora do emprego público e as condicións de traballo asinado por CCOO (9 de marzo),
- Realizamos unha **campaña entre o PTFP** animando a presentar reclamacións para **igualar as condicións retributivas** co profesorado do corpo de **PES**.

XUBILACIÓNS / PENSIÓNS




Grazas ao acordo de pensións, asinado por CCOO, conseguimos tres cuestións fundamentais:

- A derogación definitiva da reforma unilateral de Rajoy do 2013. Deste xeito, **as pensións actualizaranse consonte a media da suba do IPC. Así, este ano incrementáronse un 4,1 %.**
- **Derrógase o factor de sostibilidade** que pretendía reducir o importe inicial da pensión en función do aumento da esperanza de vida.
- Canto á **xubilación postergada**, conseguiuase que o incremento sexa do **4 % anual** en todos os casos.

Outras conquistas foron:

- **Equiparación** das pensións de viuvez de clases pasivas a réxime xeral da Seguridade Social no caso de persoas con 65 anos ou máis sen outra pensión.
- Ampliación das pensións de **orfandade** ata os 25 anos.
- Modificación das **compatibilidades**, permitindo percibir a pensión coa realización dalgunhas actividades.



Vén sendo recorrente que a dereita política e sindical deste país o poñan en dúbida, pero CCOO segue conseguindo que se mantéña a **xubilación anticipada aos 60 anos** sen ningún tipo de penalización.

Como consecuencia de diversas sentenzas do Tribunal Supremo, recoñeceuse en clases pasivas que o accidente "**in itinere**" dera lugar a **pensións extraordinarias**.

Outras sentenzas do mesmo tribunal fixan como doutrina que pode acreditarse a realidade de **parella de feito nos casos de pensión de viuvez** con outros medios de proba ademais da inscrición e declaración mediante documento público.



ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO

Redución da precariedade

Despois de anos de conxelación e de imposición de taxas de reposición por debaixo do 100 %, durante os que se consolidou unha perda de emprego, os acordos de mellora para o emprego público asinados por CCOO dende 2018 permitiron OPE nas que se podían superar o 100 % das prazas de reposición e ofertar prazas de estabilización.



Os **acordos** acadados foron os seguintes:

- Acordo do 29 de marzo de 2017
- Acordo do 26 de marzo de 2018
- Acordo do 5 de xullo do 2021, plan de choque de redución da temporalidade (trasladado ao RD 14/21)



O resumo é o seguinte:

3662 prazas que non existirían sen os nosos acordos

OPE 2018	OPE 2019	OPE 2020	ANO 2022
Prazas de reposición: 1073	Prazas de reposición: 1122	Prazas de reposición: 902	Oferta unicamente de reposición, acumulando as ofertas 2021 e 2022: 1372 do ano 2021 e 927 do 2022
Prazas de estabilización: 581	Prazas de estabilización: 666	Prazas de estabilización: 1134	Prazas de estabilización (para desenvolver no 2023): 125 Concurso de méritos: 1156
		Prazas de cátedras: 1232	
Oferta global: 1654	Oferta global: 1788	Oferta global: 2036	Oferta global: 3580

Desde CCOO **coidamos positiva** a redución das taxas de temporalidade.

IMPLANTACIÓN

LOMLOE



Coas mobilizacións contra a **LOMCE**, logrouse a súa derogación.

A LOMLOE **non é a lei que CCOO** proporía, pero si supón un gran **paso adiante** na mellora do noso sistema educativo.

Consideramos positivos estes aspectos da lei:

- Recuperación dos ciclos na EP.
- Tratamento da repetición como algo excepcional.
- Desaparición das reválidas e probas externas.
- Proba única de acceso ás universidades.
- Incorporación da materia de Educación en valores cívicos e éticos para todo o alumnado e non como alternativa á Relixión.
- Recuperación das funcións e competencias do Consello Escolar como órgano de goberno.
- A elección da dirección do centro pola comunidade educativa, aínda que a fórmula é mellorable.
- Desaparición do carácter orientador e segregador en 4.º de ESO.
- Eliminación do criterio "demanda social" para incrementar os concertos.
- Eliminación da cesión de solo público para centros concertados e privados.
- Recuperación dos programas de Diversificación Curricular.

Hai outras cuestións que rexeitamos:

- Permite o financiamento dos centros que segregan o alumnado por razóns de sexo.
- Segue permitindo a selección do alumnado por parte dos centros concertados.
- Non se establece unha redución de ratios
- Non asegura un mínimo do 5 % do PIB para educación, nin vai acompañado de memoria económica.
- Non aborda melloras laborais para o profesorado.

Condições laborais

Horario lectivo,
ratios, ensinanzas
artísticas,
concursos de
traslados...



Recuperemos o noso
horario #18e21horas

REDUCCIÓN HORARIA

No ámbito xurídico recorremos o RDL dos recortes, conseguindo a **derrogación do RD 14/2012**, e posibilitando a redución do horario a 18 en secundaria e 23 en mestres, pero sen carácter básico, de forma que houbo CCAA que avanzaron na redución de horarios e outras, como Galicia, mantiveron o horario, malia as mobilizacións realizadas. No curso 2019-20, entrevistámonos coa conselleira e **pechámonos** na Consellería co resto de OOSS.

A partir de setembro de 2019, iniciamos mobilizacións co fin de tentar negociar un **calendario de melloras**, tanto do horario lectivo como doutras cuestións urxentes. Isto supuxo varias **concentracións e dous peches** na propia Consellería que culminaron nunha convocatoria de **folga unitaria** o 12 de decembro.

ENSINANZAS ARTÍSTICAS

Mantivemos xuntanzas cos partidos políticos e coa CRUE para a **inclusión das ensinanzas artísticas na Universidade**, mostrándose favorables á súa inclusión.

AVANCES

Conseguíuse avanzar coa nova **Orde de atención ao alumnado NEAE e, aínda que insuficientes, acadouse maior dotación de PT e AL** nos centros.

Modificamos a **Orde de Concilia** eliminando aqueles aspectos que facilitaban a picaresca para acceder a postos deste tipo. Esta modificación levou á harmonización de prazos coa **Orde de saúde**.

Elaborouse normativa para dar cobertura ás **permutas provisionais**.

CADP

Na Orde do 7 de xuño de 2018, que regula o CADP, establecíase unha nova ordenación da lista de Orientación de mestres en función da data de consolidación noutra especialidade, o que significaba que o persoal que só traballara por Orientación desaparecera da lista. Grazas á iniciativa de CCOO, **o persoal que só traballou por Orientación mantívose nelas**.

Concurso de traslados:

Grazas á presión sindical co apoio dun colectivo de docentes, no CXT do ano 2018-19 **negociamos as vacantes** de secundaria coa Subdirección Xeral de Recursos Humanos, **logrando sacar á luz un gran número delas "agochadas"**.

Cunha oferta de prazas tan grande, alcanzáronse dous obxectivos:

- Cadros de persoal máis estables.
- Mellora das condicións laborais con redución de anos en expectativa de destino.

Tamén logramos un **incremento de prazas importante de Departamentos de Orientación** nos centros de Educación Infantil e Primaria. E conseguimos que **prazas itinerantes de PT e AL se converteran en estables**.


Profesorado técnico de FP

No 2018 puxemos en marcha unha campaña de equiparación das condicións laborais e salariais do profesorado PTFP a PES.

A DA 11.^a da LOMLOE deixou fóra do corpo de PES a todos aqueles que non tiveran a titulación de grao, licenciatura, Enxeñería ou Arquitectura.

Coa presión sindical, conseguimos as seguintes modificacións:

- Con calquera titulación universitaria poderán integrarse no corpo de PES (A1).
- O profesorado das dez especialidades pasan a un novo corpo, "profesorado de sectores singulares da FP", adscrito ao A2.
- Un prazo de cinco anos, ata o 19 de xaneiro de 2026, para obter a titulación e integrarse no corpo de PES.



PANDEMIA

COVID - 19

UNHA XESTIÓN NEFASTA NO COMEZO DA PANDEMIA, QUE DESEMBOCOU NA DESTITUCIÓN DA CONSELLEIRA CARMEN POMAR E DO SEU EQUIPO, QUE EN NINGÚN MOMENTO QUIXERON A COLABORACIÓN QUE LLES BRINDAMOS DESDE CCOO ENSINO

Os centros **pecharon** co confinamento xeral o 13 de marzo. Desde o comezo, ofrecémonos a traballar de xeito conxunto coa Consellería para axudar na crise sanitaria, pero a conselleira non atendeu as chamadas das OOSS, obrigando o profesorado a asistir aos centros sen ningún tipo de medida sanitaria. O 13 de marzo, os representantes das OOSS pechámonos na Consellería e fomos desaloxados.

Pasou máis dun mes ata a primeira reunión virtual coa conselleira (23 de abril), na que practicamente só falou ela. **Desde CCOO presentamos un recurso contra a obrigatoriedade de presenza dos equipos directivos nos centros.**

A NOSA ORGANIZACIÓN SINDICAL OFRECEU OS SEUS RECURSOS EN TODO MOMENTO

XUNTANZAS COA CONSELLERÍA

- A segunda reunión foi o 13 de maio. Reunións estériles, pois a Consellería dedicábase soamente a criticar o Ministerio. As instrucións cambiaban día a día nunha situación nova de teletraballo. Púxose de manifesto a profunda fenda territorial, social e dixital. CCOO denunciou a falta de diálogo e o cambio de criterios. **Reclamamos material de TIC, conectividade universal e formación específica.**
- Presentamos un documento de **propostas de avaliación** para o terceiro trimestre de 2020.
- Presentamos **denuncias perante a Secretaría Xeral Técnica** e as **inspeccións de traballo** pola ausencia da avaliación de riscos dos centros, logrando que estas advertiran a Consellería da obrigatoriedade de facelo.
- **Rexeitamos o protocolo de reincorporación** á actividade lectiva nos centros (2.º BACH e 2.º FP) en maio do 2020.

CURSO 2020-21

De cara a este inicio de curso, presentamos unha **batería de propostas:**

- Necesidade de **avaliación de riscos** dos centros e dos postos de traballo por parte de persoal técnico dos Servizos de Prevención.
- Convocatoria inmediata dos Comités de Seguridade e Saúde Laboral.
- **Desinfección integral** dos centros educativos.
- **Dotación** e distribución centralizada de EPI.
- **Protocolos de acceso aos centros**, de desinfección e hixienización de espazos e materiais.
- Protocolos de actuación para aquelas persoas que, por situación de **vulnerabilidade**, non poidan incorporarse á actividade presencial, así como de atención ás situacións de **conciliación** da vida familiar e laboral das traballadoras e traballadores.
- Necesidade de formación específica en materia hixiénico-sanitaria.



E QUE CONSEGUIMOS?

- Que os colectivos máis vulnerables **non tiveran que incorporarse** aos centros mentres os servizos de prevención non determinasen nada en sentido contrario e que se ampliaran os casos de conciliación.
- Que as medidas para planificar a volta ás aulas no curso 2020/21 permitiran manter as ratios de 25 ou máis alumnos/as. Porén, realizamos **concentracións en xullo** que culminaron en **dúas xornadas de folga en setembro** secundadas por CCOO. As mobilizacións e a folga **provocaron o cesamento** da conselleira e do seu equipo.
- Que se aplicara o criterio de **1,5 m de distancia** nas ensinanzas de **secundaria**, o que supuxo centos de contratacións.
- Que as **denuncias presentadas por CCOO** puxeran ao descubierto que só se realizara a avaliación de riscos de postos de traballo en 24 centros dos 1200 que ten a comunidade.
- Ante o inicio da campaña de vacinación, a comezos do 2021, **defendemos e conseguimos a vacinación do persoal dos centros educativos como colectivo prioritario**.
- No curso 2021/22, ante a redución da distancia interpersonal de 1,5 a 1,2 metros, CCOO **iniciamos a campaña "MENOS É MÁIS" demandando como mínimo o mesmo número de contratacións COVID e a redución das ratios** para incrementar a seguridade e a mellor atención ao alumnado.
- Puxemos a disposición dos centros un **caixa de correo COVID** para canalizar as incidencias relacionadas coa crise sanitaria e a actividade nos centros de traballo.
- Na negociación do **protocolo de adaptación no proceso selectivo** da OPE de xuño de 2020 (celebrada en xuño do 2021), logramos incorporar achegas para **garantir a seguridade sanitaria**. Entre elas:
 - Menos aspirantes por tribunal.
 - Eliminación mediante ADDENDA ao Acordo de Interinos da obrigatoriedade de presentarse para manter o posto na lista.
 - Eliminación do acto de presentación.
 - Aumento das sedes das probas e graduación dos días de inicio.
 - A opción dunha data alternativa para as persoas positivas e en corentena e situacións derivadas de embarazo e parto no inicio das probas.



Menos
é máis

Menos alumnado por aula:

- ➔ *é máis* calidade educativa
- ➔ *é máis* seguridade
- ➔ *é máis* persoal docente e non docente
- ➔ *é máis* atención personalizada
- ➔ *é máis* educación

Polo mantemento dos reforzos COVID e o aumento do persoal educativo



CAMPAÑA PARA ESIXIR A AMPLIACIÓN DO PRAZO DE ADAPTACIÓN EN EDUCACIÓN INFANTIL

Para o curso 2021/22, a Consellería pretendeu que **as familias decidisen se querían utilizar o período de adaptación do alumnado de 3 anos** de EI ao mesmo tempo que reducían a súa duración. Fixemos un modelo de manifesto e invitamos os claustros a apoialo e enviálo aprobado e/ou asinado ao secretario xeral de Educación, coa demanda da eliminación da voluntariedade e a ampliación do prazo inicial. **Tivo boa acollida nos centros e logramos que a Consellería recuara.**

FEMINISMO

igualdade e políticas LGBTQ+



CCOO ENSINO manifestamos o noso compromiso coa consecución da igualdade real entre mulleres e homes e a eliminación de todas as formas de discriminación e violencia contra as mulleres, especialmente no ámbito laboral e educativo. CCOO defínese como un sindicato feminista e inclusivo.

Grazas ás actuacións de CCOO, acadamos logros relevantes como a **equiparación do permiso de maternidade e paternidade** e a posibilidade de **fragmentalo** e a **mellora de servizos de MUFACE**, como a cobertura da reprodución asistida.

CCOO conseguiu **frear as aspiracións máis graves da ultradereita** en relación coa limitación dos contidos educativos e a formación integral do alumnado en dereitos de **igualdade e inclusión**.

A LOMLOE supón un avance na consideración de que a perspectiva de xénero e a coeducación son eixes transversais, e apóstase pola necesidade urxente de avanzar en políticas educativas que promovan unha acción conxunta que garanta o dereito a unha educación en igualdade para construír un futuro igualitario e democrático.

ACCIÓNS

levadas a cabo

- Campaña contra o PIN parental
- Recurso ante a Fiscalía do Estado e o valedor do pobo contra a campaña "Hazte oír", por incitación ao delito de odio
- Folga xeral de 24 horas do 8 de marzo de 2019
- Campaña para negociar o Plan de Igualdade coa Consellería

Participación institucional



CCOO, como sindicato de traballadores e traballadoras e tamén como sindicato sociopolítico, está presente en todos os contextos, foros, institucións, movementos sociais e mesas de negociación. CCOO é o único sindicato presente en todos eles: Confederación Europea de Sindicatos, Mesa de Diálogo Social, Mesa Xeral das Administracións Públicas, Internacional da Educación, Mesa Sectorial de Educación, Consello Escolar, Observatorio da Convivencia, Plataforma en Defensa da Escola Pública, etc.

Os avances nos temas de pensións, negociación colectiva... négóciense en ámbitos superiores dos que CCOO participa con propostas e logros que permiten mellorar as condicións de vida de toda a clase traballadora na que estamos os docentes.

Consello Escolar do Estado

Somos a organización sindical que presentou máis propostas neste órgano, con representación en todos os grupos de traballo. Coas emendas presentadas logramos incorporar propostas nas leis, nomeadamente a LOMLOE, e normativas que as desenvolven.

Consello Escolar de Galicia

Somos a organización con máis emendas presentadas nos últimos anos.

Consello Galego de FP

Denunciamos a intención de implantar un modelo de FP Dual inadecuado para a nosa comunidade.

Consello da Convivencia

Observatorio Galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero.

Consello Social dos CIFP

A nosa representación denuncia constantemente o mal funcionamento deste órgano que é utilizado pola administración como meramente informativo impedindo en moitas ocasións que realmente execute as funcións encomendadas na normativa.

Consellos escolares municipais

Os nosos representantes poden coñecer e compartir as demandas dos distintos sectores da comunidade educativa e da sociedade. Defendemos propostas concretas para unha mellor dotación de recursos humanos e materiais dos centros do concello e denunciaremos insuficiencias nalgúns servizos (comedores de catering...). Participamos na distribución equilibrada do alumnado entre os distintos centros. Controlamos a repartición equilibrada da dotación do concello nos seus centros e velamos polo seu mantemento : infraestrutura, calefacción...

